UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Prácticum | | | Código | 615G01419 | |
| Titulación | Grao en Socioloxia | | | | | |
| Descriptores | | | | | | |
| Ciclo | Período | | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 2º cuadrimestre | | Cuarto | Obrigatoria | 12 | |
| Idioma | Castelán | | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | | |
| Departamento | Socioloxía e Ciencias da Comunicación | | | | | |
| Coordinación | Rodríguez Teijeiro, Ariadna | | Correo electrónico | ariadna.rodriguez@udc.es | | |
| Profesorado | Otero Enriquez, Raimundo<br>Rodríguez Teijeiro, Ariadna<br>Roman Masedo, Laura | | Correo electrónico | raimundo.otero@udc.es<br>ariadna.rodriguez@udc.es<br>laura.roman@udc.es | | |
| Web | | | | | | |
| Descrición xeral | As prácticas externas son unha actividade de carácter formativo e obrigatorio que se realiza por medio dun sistema de permanencia regrada nunha empresa, nunha entidade non gubernamental, nun organismo, institución administrativa, económica ou profesional ou nun centro de investigación (de natureza pública ou privada).<br><br>O/a estudante en prácticas é aquel/a que,  unha vez superado polo menos o 75% dos créditos ECTS da titulación, solicitou formalmente a súa incorporación ao Programa de Prácticas e recibiu por parte do coordinador /a do devandito programa, a asignación correspondente da institución onde realizará as prácticas, do/a seu/súa titor/a en devandita institución, así como do/a titor/a que se encargará da súa supervisión académica.<br><br>Todos os anos, a Facultade a través do/a coordinador /a das prácticas, abrirá  un prazo para que os/as alumnos/as soliciten a realización das mesmas, para o cal se disporá dunha listaxe cos centros nos que se poden realizar as prácticas<br><br>As prácticas realizaranse no período establecido pola Facultade. A súa duración ten que ser de 275 horas, que será computarán por 11 créditos ECTS. O crédito ECTS restante  será empregado polo/a estudante para o deseño previo da súa actividade no centro e para a elaboración da Memoria de Prácticas. Ao comezo do período de prácticas, o/a alumno/a acordará co/a tutor /a externo/a  o horario e calendario específicos das prácticas, segundo os horarios habituais do centro de prácticas. | | | | | |

| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos.<br><br>-Nesta materia non se pode falar estritamente de contidos, senón máis ben dunha formación obrigatoria que se adquire por medio dun sistema de permanencia nun centro de prácticas.<br><br>2. Metodoloxías.<br><br>*Metodoloxías docentes que se manteñen.<br><br>-Portafolio: entrega dunha Memoria de prácticas (Anexo IX do procedemento regulador da materia).<br><br>-Actividades iniciais: Informe de avaliación das prácticas realizado polo/a titor/a externo/a ou profesional e asistencia á sesión de formación inicial.<br><br>*Metodoloxías docentes que se modifican/engaden.<br><br>-Chegado o caso, e segundo o escenario correspondente que se explica no epígrafe de modificacións na avaliación, pode ser necesaria a elaboración dunha práctica individual.<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado.<br><br>-Ferramenta: Teams, correo electrónico e/ou chamada telefónica.<br><br>-Temporalización: a prevista durante o segundo cuadrimestre e segunda oportunidade.<br><br>4. Modificacións na avaliación.<br><br>-En caso de continxencia, son dous os escenarios que habería que ter en conta e, por tanto, que motivarían sendas modificacións na avaliación prevista para unha situación de normalidade-presencialidade. Devanditos escenarios (partindo do estipulado no documento de ?Medidas para a finalización do curso académico 2019-2020?) serían os seguintes:<br><br>-ESCENARIO 1: AS PRÁCTICAS NON PODEN COMEZAR POR CAUSA DUNHA CONTINXENCIA.<br><br>A/ No caso de que o alumnado poida teletraballar, os mecanismos de avaliación serían os mesmos que nunha situación de normalidade-presencialidade: Memoria de prácticas (4 puntos) + asistencia á sesión de formación inicial (1 punto) + Informe do titor/a externo/a (5 puntos).<br><br>B/ No caso de que o alumnado non poida teletraballar, os mecanismos de avaliación previstos serían os seguintes: práctica individual (9 puntos) + asistencia á sesión de formación inicial (1 punto).<br><br>-ESCENARIO 2: AS PRÁCTICAS SON INTERROMPIDAS POR CAUSA DUNHA CONTINXENCIA.<br><br>A/ No caso de que o alumnado realizase o 50% de horas de prácticas presenciais ou a través de telebrallo, os mecanismos de avaliación serían os mesmos que nunha situación de normalidade-presencialidade: Memoria de prácticas (4 puntos) + asistencia á sesión de formación inicial (1 punto) + Informe do titor/a externo/a (5 puntos) -se é posible-.<br><br>B/ No caso de que o alumnado non realizase o 50% de horas de prácticas presenciais, os mecanismos de avaliación serían os seguintes: Memoria de prácticas (5 puntos) + sesión de formación inicial  (1 punto) + Informe do/a titor/a externo/a -se é posible- (2 puntos) + práctica individual (2 puntos). |
|---|---|

*Observacións de avaliación:

-As especificacións, contidos e sistema de cualificación da práctica individual, serían comunicados ao alumnado chegada a situación de continxencia.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía.

-Ningunha.

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A15 | Conocimientos y habilidades para plantear y desarrollar una investigación aplicada en las diferentes áreas de la sociedad. |
| A16 | Conocimientos y habilidades técnicas para la produción y el análisis de los datos cuantitativos y cualitativos. |
| A17 | Conocimientos y habilidades en la búsqueda de información secundaria en las diferentes fuentes (instituciones oficiales, bibliotecas, internet, etc.). |
| A18 | Capacidades en evaluar los proyectos de políticas públicas y de intervención social, así como sus resultados. |
| A19 | Capacidades para definir, localizar y contactar la población objeto de integración social. |
| A21 | Capacidades para identificar y medir factores de vulnerabilidad social y procesos conflictivos. |
| A22 | Habilidades en gestión y organización de las personas y de las redes sociales que participan en proyectos colectivos. |
| A26 | Saber elegir las técnicas de investigación social (cuantitativas y cualitativas) pertinentes en cada momento. |
| A29 | Habilidades para el desarrollo de los recursos humanos en las organizaciones. |
| A30 | Capacidades en establecer, programar y ejecutar programas y proyectos de intervención social. |
| A32 | Capacidades en contribuir al diseño de políticas públicas orientadas a abordar problemas sociales. |
| A36 | Actitud de compromiso frente a los problemas sociales y culturales. |
| B1 | Capacidad de organización y planificación. |
| B2 | Toma de decisiones. |
| B3 | Capacidad de análisis y síntesis. |
| B4 | Resolución de problemas. |
| B5 | Capacidad de gestión de la información. |
| B6 | Comunicación oral y escrita en la lengua nativa. |
| B7 | Conocimientos de informática relativos al ámbito de estudio. |
| B9 | Reconocimiento a la diversidad y a la multiculturalidad. |
| B10 | Habilidades en las relaciones interpersonales. |
| B11 | Compromiso ético. |
| B12 | Trabajo en equipo. |
| B13 | Razonamiento crítico. |
| B14 | Trabajo en un equipo de carácter interdisciplinar. |
| B17 | Motivación por la calidad. |
| B18 | Creatividad. |
| B19 | Adaptación a nuevas situaciones. |
| B20 | Conocimiento de otras culturas y costumbres. |
| B21 | Aprendizaje autónomo. |
| B22 | Liderazgo. |
| B23 | Iniciativa y espíritu emprendedor. |
| B24 | Habilidades para contextualizar e identificar los actores clave en cada situación. |
| B25 | Capacidades para relacionar los conocimientos de la sociología y de otras disciplinas afines. |
| B26 | Capacidades en reconocer el carácter global y local de los fenómenos sociales. |
| B27 | Capacidades en reconocer la complejidad de los fenómenos sociales. |
| C3 | Utilizar las herramientas básicas de las tecnologías de la información y las comunicaciones (TIC) necesarias para el ejercicio de su profesión y para el aprendizaje a lo largo de su vida. |
| C4 | Desarrollarse para el ejercicio de una ciudadanía abierta, culta, crítica, comprometida, democrática y solidaria, capaz de analizar la realidad, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones basadas en el conocimiento y orientadas al bien común. |
| C5 | Entender la importancia de la cultura emprendedora y conocer los medios al alcance de las personas emprendedoras. |
| C7 | Asumir como profesional y ciudadano la importancia del aprendizaje a lo largo de la vida. |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Coñecementos e habilidades para expor e desenvolver unha investigación aplicada nas diferentes áreas da sociedade. | A15 | | |
| Coñecementos e habilidades técnicas para a produción e a análise dos datos cuantitativos e cualitativos. | A16 | | |
| Coñecementos e habilidades na procura de información secundaria nas diferentes fontes (institucións oficiais, bibliotecas, internet, etc.). | A17 | | |
| Capacidades en avaliar os proxectos de políticas públicas e de intervención social, así como os seus resultados. | A18 | | |
| Capacidades para definir, localizar e contactar a poboación obxecto de integración social. | A19 | | |
| Capacidades para identificar e medir factores de vulnerabilidade social e procesos conflitivos. | A21 | | |
| Habilidades en xestión e organización das persoas e das redes sociais que participan en proxectos colectivos. | A22 | | |
| Saber elixir as técnicas de investigación social (cuantitativas e cualitativas) pertinentes en cada momento. | A26 | | |
| Habilidades para o desenvolvemento dos recursos humanos nas organizacións. | A29 | | |
| Capacidades en establecer, programar e executar programas e proxectos de intervención social. | A30 | | |
| Capacidades en contribuír ao deseño de políticas públicas orientadas a abordar problemas sociais. | A32 | | |
| Actitude de compromiso fronte aos problemas sociais e culturais. | A36 | | |
| As competencias B que aparecen na seguinte lista | | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B9<br>B10<br>B11<br>B12<br>B13<br>B14<br>B17<br>B18<br>B19<br>B20<br>B21<br>B22<br>B23<br>B24<br>B25<br>B26<br>B27 | |
| Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. | | | C3 |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | | | C4 |
| Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. | | | C5 |
| Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. | | | C7 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |

| | |
|---|---|
| As prácticas externas son unha actividade de carácter formativo e obrigatorio que se realiza por medio dun sistema de permanencia regrada nunha empresa, nunha entidade non gubernamental, nun organismo, institución administrativa, económica ou profesional ou nun centro de investigación (de carácter público ou privado). | Non hai subtemas |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A15 A16 A17 A18 A19 A21 A22 A26 A29 A30 A32 A36 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B17 B18 B19 B20 B21 B22 B23 B24 B25 B26 B27 C3 C4 C5 C7 | 275 | 0 | 275 |
| Portafolios do alumno | B1 B3 B5 B6 B13 B18 | 0 | 24 | 24 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Realización das prácticas na entidade colaboradora. As actividades que realizará o/a alumno/a na entidade deberán ser recollidas no pertinente Proxecto formativo (Anexo V do "Procedemento de xestión das prácticas do Grao en Socioloxía da Universidade da Coruña"). |
| Portafolios do alumno | A actividade de portafolio consiste na entrega do Informe de avaliación do/a alumno/a sobre o centro de prácticas (Anexo VII do "Procedemento de xestión das prácticas do Grao en Socioloxía da Universidade da Coruña") e a Memoria de prácticas (Anexo IX). Dita entrega é presencial nas datas e horario indicados, con antelación, polos/as titores/as académicos/as. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Portafolios do alumno<br>Actividades iniciais | Como actividades iniciáis, as titorias son importantes de cara á preparación, resolución de dudas, seguemento e coordinación das prácticas. Para cada alumno/a, será obrigatorio acudir a unha titoría para a preparación da Memoria de prácticas (que o/a titor/a académico/a comunicará coa suficiente antelación). |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | **Cualificación** |
| Portafolios do alumno | B1 B3 B5 B6 B13 B18 | Avaliación da Memoria de prácticas realizada polo/a titor/a interno/a ou académico/a. | 50 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Actividades iniciais | A15 A16 A17 A18 A19 A21 A22 A26 A29 A30 A32 A36 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B17 B18 B19 B20 B21 B22 B23 B24 B25 B26 B27 C3 C4 C5 C7 | Avaliación das prácticas realizada polo/a titor/a externo/a ou profesional. | 50 |

| Observacións avaliación |
|---|

O/A titor/a externo/a ou profesional
realizará a avaliación do/a alumno/a seguindo a escala de puntuación reflectida
no Anexo VI do ?Procedemento de xestión das prácticas do Grao en Socioloxía da
Universidade da Coruña?.

Atendendo á escala prevista no Anexo VI, partirase
da cualificación que concentre a maioría das puntuacións obtidas. Os tramos de
cualificacións son os seguintes:

-Cualificación de Excelente: 10 puntos.
-Cualificación de Moi ben: normalmente
entre 8-9 puntos.
-Cualificación de Ben: normalmente entre
7-8 puntos.
-Cualificación de Regular: normalmente
entre 5-6 puntos.
-Cualificación de Deficiente: Suspenso (a
valorar atendendo ás observacións puntuais do titor/a).Naqueles apartados cuxa cualificación sexa
menor á maioritaria, restarase 0,1 puntos á nota de partida; naqueles nos que a
cualificación sexa maior, sumarase 0,2 puntos.

A realización da Memoria de prácticas ten
que seguir ao detalle o modelo de memoria presentado no Anexo IX do
?Procedemento de xestión das prácticas do Grao en Socioloxía da Universidade da
Coruña?. A avaliación da Memoria ten como baremo de puntuación o seguinte:

-Apartado 1: Descrición concreta e
detallada das tarefas desenvolvidas (máximo de 2 puntos).
-Apartado 2: Valoración das tarefas
desenvolvidas e os coñecementos e competencias adquiridas en relación cos
estudos universitarios recibidos (máximo de 2 puntos).
-Apartado 3: Relación dos  problemas
encontrados e do procedemento seguido para resolvelos (máximo de 1,5 puntos).
-Apartado 4: Identificación das melloras
que, en materia de aprendizaxe, supuxo a estadía de prácticas (máximo de 2
puntos).
-Apartado 5: Avaliación final das
prácticas e propostas (máximo de 1,5 puntos).
-Asistencia á sesión de formación inicial na que se explica, entre outras cuestións, como abordar a Memoria de prácticas (1,0 puntos).
É obrigatorio contar co correspondente
Informe do/a titor/a profesional (50% da cualificación) así como facer entrega
da Memoria de prácticas (50% da cualificación) para poder superar o
"Prácticum". A cualificación final, polo tanto e nunha escala do 0 ao
10, equivalerá á media aritmética calculada a partir das cualificacións obtidas
no Informe do/a titor/a profesional e Memoria de prácticas.

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | É recomendable que os estudantes se familiaricen co desenvolvemento do "Prácticum" mediante a lectura detida do "Procedemento de xestión das prácticas do Grao en Socioloxía da Universidade da Coruña", dispoñible na páxina web da Facultade. |
| Bibliografía complementaria | |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| Recoméndase aos estudantes matriculados no "Prácticum" que presten especial atención ás indicacións do/a coordinador/a e dos seus/súas titores/as (internos e externos). Tamén, é moi importante que o alumnado matriculado asista á presentación pública da convocatoria do "practicum", para resolver as suás dúbidas de partida. A convocatoria de dita sesión de presentación realizarase a través do correo electrónico da UDC ó inicio de curso coa debida antelación.  Así mesmo solicítaselles que sexan coidadosos cos prazos de cada unha das fases da realización das prácticas. |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**